

Propostas de O-Xan para a implantación e mantemento de medidas preventivas de ataques de lobo

O-Xan é un grupo aberto de opinión para a xestión dialogada do lobo en Galicia. Está integrado por agrupacións gandeiras (ACRUGA, OVICA, PURAGA, SGPF, UUAA) e gandeiros a título individual, empresas do sector (Beealia), cazadores (UNAC, UNITEGA), entidades conservacionistas (AGCT), investigadores (CIAM, USC, Universidade de Oviedo) e técnicos vinculados coa xestión e conservación do lobo en Galicia.

Dende O-Xan consideramos que a prevención é unha ferramenta imprescindible para compatibilizar a gandería coa presenza e a conservación do lobo en Galicia. Máis aínda, o lobo tamén depende, en certa medida, da existencia de gando para a súa supervivencia, polo que é un deber da sociedade en conxunto contribuír á continuidade das explotacións.

Por todo isto hoxe, mércores día 27 de Xaneiro, O-Xan fixo entrega na Consellería de Medio Ambiente dun informe para tratar de **poñer en marcha canto antes**, xa que dende o 2012 non se realiza ningunha acción por parte da Consellería, **unha serie de propostas para o fomento da adopción de medidas preventivas do ataque de lobo.** Desta forma, contribuiríase ao mantemento da gandería extensiva e do pastoreo, tan necesarios para o mantemento da poboación rural e da paisaxe galega.

Actuacións subvencionables:

Ao abeiro desta orde, subvencionarase a adquisición e o mantemento de cans mastíns e de pastores eléctricos ligados ao emprego de mallas móbiles electrificadas e a instalación de cercados con malla ovelleira e postes de madeira tratada, cuxa

adquisición ou instalación se faga con posterioridade á publicación desta orde sempre que sexa certificada a non existencia previa polos servizos provinciais de Conservación da Natureza. Establecerase un primeiro pago do 50 % da axuda aprobada antes da execución do investimento e o 50 % restante no momento en que se proceda a certificación e verificación da execución dos investimentos concedidos.

Artigo 1. Beneficiarios e requisitos comúns.

1. Poderanse acoller a estas axudas aqueles gandeiros con explotacións na Comunidade Autónoma de Galicia, de gando ovino, cabrún, bovino, cabalar e porcino.
2. O gando deberá estar identificado e saneado de acordo coa normativa aplicable para o efecto.
3. Os beneficiarios destas axudas terán que acreditar a súa inclusión no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REGA).

Artigo 2. Adquisición de cans mastíns.

1. Será subvencionable a adquisición de cans de raza mastín leonés dunha idade inferior aos 4 meses, debendo o interesado achegar a documentación relativa aos controis sanitarios realizados segundo a lexislación vixente coa correcta identificación do animal (microchip) e seguir as indicacións contidas no Manual Práctico para o Coidado e Adestramento de cans mastíns para a protección do gando, publicado pola Consellería do Medio Rural en colaboración coa Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia (Ovica).
2. Estas axudas poderán cubrir a totalidade do custo de adquisición dos cans mastíns. O número de animais subvencionables por explotación estará en función do censo animal en cada rabaño, e poderá subvencionarse un máximo dun mastín por rabaño de ata 60 cabezas de gando ovino ou cabrún; ou 15 reses de gando bovino ou cabalar e 30 porcos; e ata dous mastíns por explotación cando se supere este número de reses.

3. O importe das axudas para a compra dos mastíns será de 500 euros por animal.

4. Habilitarase outra liña específica de axudas para o mantemento destes cans mastíns para a defensa do gando. Trátase dunha subvención na que se cubrirá unha porcentaxe do gando en alimentación e coidados sanitarios e veterinarios do animal e tamén para o mantemento das estruturas de prevención de ataques ata un máximo tamén de 500 euros por mastín e convocatoria anual.

Artigo 3. Pastores eléctricos.

1. As axudas relativas á instalación dos pastores eléctricos poderán cubrir a totalidade do seu custo de adquisición ata un máximo de 3 pastores por petionario e convocatoria. No momento da xustificación da axuda será necesario acreditar mediante factura con data posterior a data de presentación da solicitude, a compra dos pastores eléctricos e das mallas electrificadas móbiles.

2. Poderán concederse varias axudas para a instalación de máis dun pastor eléctrico nunha mesma explotación e formulada nunha mesma solicitude segundo o censo animal en cada rabaño:

GANDO OVINO/CABRUN:

De 0 a 30 ovellas/cabras. ----- 1 pastor eléctrico.

De 31 a 60 ovellas/cabras. ----- 2 pastores eléctricos.

De 61 ovellas/cabras en diante. ----- 3 pastores eléctricos.

GANDO BOVINO/CABALAR:

De 0 a 10 vacas/cabalos. ----- 1 pastor eléctrico.

De 11 a 15 vacas/cabalos. ----- 2 pastores eléctricos.

De 16 vacas/cabalos en diante. ----- 3 pastores eléctricos.

GANDO PORCINO:

De 0 a 15 porcos. ----- 1 pastor eléctrico.

De 16 a 30 porcos. ----- 2 pastores eléctricos.

De 31 porcos vacas/cabalos en diante. ----- 3 pastores eléctricos.

3. O importe das axudas para a compra de pastores eléctricos será de 150 euros por unidade.

Artigo 4. Emprego de mallas móbiles electrificadas.

As axudas concedidas poderán cubrir a totalidade do custo da adquisición de mallas electrificadas móbiles que se conectan a pastores eléctricos; a contía máxima da dita axuda será de 100 euros por malla de 50 metros, ata un máximo de 10 rolos de mallas por explotación.

A instalación de valados electrificados é outro dos métodos utilizados para evitar que os depredadores accedan ao gando. Os animais que tocan os arames condutores do valado reciben unha pequena descarga eléctrica. Esta experiencia desagradable é aprendida e, así, conséguese que non tenten achegarse de novo ao cercado. Un valado electrificado instálase rodeando a parcela ou superficie en que se atopa o gando durante o día ou cercando os currais onde pasa a noite. Os valados electrificados desmontables permiten cambiar a súa situación en función das necesidades do gando e facilitar o pastoreo rotacional do rabaño. As mallas electrificadas móbiles teñen que ter as seguintes especificacións:

– Altura mínima de 90 cm.

– Lonxitude mínima 50 m. (lonxitude dun rolo de malla electrificada móbil)

– Postes mínimos: 12 e 8 fíos horizontais.

Artigo 5. Valado con malla ovelleira e postes de madeira tratada.

1. A Consellería de Medio Ambiente subvencionará a instalación de valados fixos con malla ovelleira e postes de madeira tratada e unha lonxitude igual ou inferior a 1.000 metros destinados a protexer o gando dos ataques do lobo. Subvencionarase un valado por explotación gandeira ovina, cabrún, bovina, cabalar ou porcina cun importe máximo de 6 euros/metro e 6.000 euros por valado.

2. Os servizos provinciais de Conservación da Natureza certificarán que as instalacións cumpren as seguintes especificacións técnicas:

- Cercado con malla ovelleira e postes de madeira tratada:

A altura total do peche desde o chan (ata a malla ou ata o último arame electrificado) ten que ser, en calquera caso de 1,50 metros mínimo, sempre que se combine cun arame de pastor exterior inferior e outro interior superior. O gandeiro pode dispoñer dun mastín de custodia e garda para complementar esta medida e aumentar a súa eficacia. Tamén se empregarán postes de madeira tratada e o peche debe ser estable e consistente con garantía de fabricante de cando menos 5 anos. Requisitos mínimos:

A) Malla ovelleira. Como mínimo de 1,00 metro de altura, cun mínimo de 8 arames horizontais, e 15 cm como máximo de separación entre os arames verticais.

B) Arames electrificados. Un arame por fóra da malla, a unha altura de 30 cm. do chan (utilizando illadores longos para separar o arame da malla). Un mínimo dun arame electrificado por riba da malla ovelleira, como máximo a 20 cm. por riba da malla. Se hai máis dun arame electrificado por riba da malla ovelleira, estes non estarán separados máis de 20 cm entre si.

Artigo 6. Criterios para a concesión da axuda.

1. Para a concesión das axudas establécense os seguintes criterios de valoración, por

orde de preferencia:

a) Existencia de ataques de lobos e reincidencia de ataques (*): 5 puntos; e 0,5 puntos máis por cada ataque reincidente.

b) Presenza e densidade de lobo no concello (**): zona 1: 10 puntos, zona 2: 5 puntos, zona 3: 3 puntos.

c) Número de cabezas de gando segundo sexa gando maior (bovino e cabalar) ou menor (ovino, cabrún e porcino):

-Gando maior, máis de 10 cabezas: 4 puntos.

-Gando maior, máis de 20 cabezas: 10 puntos.

-Gando maior, máis de 40 cabezas: 20 puntos.

-Gando menor, máis de 30 cabezas: 6 puntos.

-Gando menor, máis de 60 cabezas: 12 puntos.

-Gando menor, máis de 100 cabezas: 25 puntos.

(*) A existencia de ataques de lobos toma como criterio espacial o do municipio en que se produciron os ataques e, como criterio temporal, o dos dous últimos anos.

(**) A presenza e densidade de lobos na zona determinarase en función dos datos que figuren no mapa de zonificación do Plan de Xestión do Lobo.

2. O criterio de repartición será atendendo ás solicitudes ordenadas de maior a menor puntuación ata esgotar o crédito.

Contacto:

Carlos Alberto Rodriguez Rodriguez (OVICA – Grupo O Xan)

ovica.galicia@gmail.com

687 77 80 13